



**MEMORIA DE CALIDADE**

**FACULTADE DE FILOSOFÍA**

**Curso Académico: 2013/14**

## Índice

---

Introdución	p. 3
Estrutura da Facultade para o desenvolvemento do SGIC	p. 4
Sistema de Garantía Interna de Calidade	p. 7
Informes de seguimento	p. 9
Plano de melloras da Facultade	p. 10
Anexo 1. Indicadores do SGIC	p. 12
Anexo 2. Planos de mellora das titulacións	p. 16

## Introdución

---

Esta Memoria de Calidade da Facultade para o curso 2013-2014 ten sido elaborada conforme ao compromiso da Facultade de Filosofía o cumprimento co desenvolvemento de SGIC do centro.

A presente memoria de calidade continúa coa exposición feita nos Informes de Seguimento dos títulos impartidos no noso centro á hora de expormos as medidas de mellora coas que tentamos dar un mellor servizo e un aumento da calidade docente. Expóñense nelas a información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, e ao plano de mellora proposto para o centro para o curso 2014-2015, recolléndose así nesta memoria toda unha serie de accións de melloras, tanto realizadas no curso anterior como programadas para o curso presente (algunhas xa implementadas no inicio do curso) que amosan o compromiso da facultade coa mellora da calidade no desenvolvemento da súa actividade.

## Estrutura da Facultade de Filosofía para o desenvolvemento do SGIC

---

**Ámbito de aplicación.** Durante o curso 2014-2015, o ámbito de aplicación do SGIC na nosa facultade ten en conta a totalidade das titulacións impartidas nela e a todas as persoas da Facultade, que son un total de: 222 alunas/os (200 no Grao en Filosofía, 7 na Licenciatura en Filosofía –a extinguir-, 13 no Máster Interuniversitario de Lóxica e Filosofía da Ciencia, 21 membros do cadro do PDI e 10 membros do PAS (2 compartidos coa Facultade de Xeografía e Historia).

Os títulos vinculados que durante o curso 2014-2015 se atopan vencellados á Facultade de Filosofía son os seguintes:

- Grao en Filosofía
- Licenciatura en Filosofía (en extinción, con dereito a exame en 5º curso mais sen docencia)
- Máster en Filosofía: Cuestións Actuais
- Máster Interuniversitario en Lóxica e Filosofía da Ciencia

**Documentación de referencia:** Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, a seguinte:

- O Manual do SGIC
- O Manual de Procesos e Procedementos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC)
- A Memoria do título de Grao en Filosofía da USC, que se atopa na seguinte ligazón:  
[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/G5031\\_Filosofia\\_x2009\\_10x.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/G5031_Filosofia_x2009_10x.pdf)
- A Memoria do título do Máster en Filosofía: Cuestións Actuais da USC, que se atopa na seguinte ligazón:  
[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/propostas\\_master\\_09\\_10/P512\\_1\\_FILOSOFIA\\_CUESTIONS\\_ACTUAIS.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/propostas_master_09_10/P512_1_FILOSOFIA_CUESTIONS_ACTUAIS.pdf)

- A Memoria do título do Máster Interuniversitario en Lóxica e Filosofía da Ciencia, que se atopa na seguinte ligazón:  
[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/memorias\\_master\\_USC/P5032\\_Master\\_Loxica\\_x2xedx\\_USAL\\_Min.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/memorias_master_USC/P5032_Master_Loxica_x2xedx_USAL_Min.pdf)
- O informe final da ANECA previo á verificación, con alegacións, que se atopa nesta ligazón:  
[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Informe\\_final\\_Aneca\\_previo\\_verificacixn\\_con\\_alegacixns.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Informe_final_Aneca_previo_verificacixn_con_alegacixns.pdf)
- O Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filosofía, que se atopa aquí:  
<http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/normativa/centros.html?cod=165>

No desenvolvemento do SGIC na Facultade de Filosofía interveñen os seguintes órganos de goberno, comisións e cargos: a Equipo Decanal, a Xunta de Facultade, a Comisión de Calidade do Centro, responsable de calidade do centro, a Comisión de Grao e a Comisión de Máster. As funcións tidas por cada un destes poden consultarse no punto 3 (MC-03) do Manual do Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Filosofía.

Detállanse a continuación a composición da Comisión de Calidade do Centro:

- Decana/o ou Director/a do Centro (presidenta/e)
- Responsable de Calidade do Centro (RCC): Vicedecana/o
- Coordinador/a de Titulación/s
- 1 membro do PAS (Responsable da Unidade de Centro ou persoa que designe o/a decano/a ou Director/a do Centro): Secretario do Decanato
- 1 representante do alunado
- As/os directoras/as e secretarios/as dos departamentos de Lóxica e Filosofía Moral e de Filosofía e Antropoloxía Social, agás no caso de que non pertencen á Xunta de Facultade.

En canto ás funcións da Comisión de Calidade do Centro, estas son as seguintes:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGIC da Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias (informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plano de

melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora e memoria de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora, elaboradas polas correspondentes comisións de título).

A Comisión de Calidade reuniuse nas datas 27 de setembro de 2013 e 29 de novembro de 2013, para elaborar os informes provisionais de seguimento do grao e do máster do curso 2012-2013. Este informes foron finalmente aprobados pola Xunta de Facultade con data 12 de decembro de 2013. Reuniuse asimesmo no 28 de outubro de 2014 co fin de elaborar os informes de seguimento do grao e o máster correspondentes o curso 2013-2014.

## Sistema de Garantía Interna de Calidade

---

O Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) busca propiciar a mellora continua nas titulacións adscritas aos Centros da USC, permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e a renovación da mesma de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. O SGIC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

A USC aprobou o primeiro SGIC marco en decembro de 2009. O 27 de setembro de 2010 a Comisión de Calidade do Centro elaborou o Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade (MSGIC), que foi respaldada pola Xunta de Facultade o 7 de outubro de 2010 e aprobada polo Consello de Goberno da USC o 7 de novembro de 2011. Neste defínense as características xerais de dito sistema de calidade.

En novembro de 2014 a USC modificou os indicadores do SGIC xeral da USC, polo que a Facultade realizou o traballo de adaptación do seu SGIC ao da USC. Con esta finalidade, a Comisión de Calidade do Centro aprobou unha proposta de novo manual simplificado do SGIC, a cal, logo da súa revisión e emisión de informe previo (de 15 de abril de 2015) por parte da Área de Calidade e Mellora de Procedementos, foi remitida á Xunta de Facultade, e aprobada por esta o 28 de abril de 2015. No manual simplificado engadíronse as modificacións xerais feitas no SGIC da USC e se incorpora un novo indicador a modo de informe, elaborado polo propio centro dentro do proceso de seguimento/acreditación do título. Nestes intres, este novo Manual simplificado está pendente de aprobación pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da Universidade.

Durante o curso 2013-2014 tivo lugar unha revisión en profundidade do Regulamento de Traballo Fin de Grao (TFG) do centro. Unha proposta inicial de regulamento deste foi elaborada pola Comisión de Grao e aprobada por esta comisión o 6 de marzo de 2014. Esta foi finalmente aprobada en Xunta de Facultade con data de 28 de abril de 2014.

Por outra banda, para implantación do SGIC no centro, as persoas da Comisión de Calidade do Centro, xunto coa xestora do centro, mantiveron reunións cos membros da área de calidade e mellora dos procedementos.



## Informes de seguimento

---

Durante o curso 2013-2014 foron impartidos na Facultade de Filosofía o Grao en Filosofía, o Máster en Filosofía: Cuestións Actuais e o Máster Interuniversitario en Lóxica e Filosofía da Ciencia.

O Informe de Seguimento do Grao en Filosofía correspondente ao curso 2013-2014 pode ser consultado na seguinte ligazón:

[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Informe\\_Seguimento\\_13-14\\_xGrao-Filosofiax.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Informe_Seguimento_13-14_xGrao-Filosofiax.pdf)

Pola súa vez, o Informe de Seguimento do Grao correspondente ao curso anterior, o 2012-2013, pódese consultar na ligazón:

[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Informe\\_Seguimento\\_12-13\\_xGrao\\_Filosofiax.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Informe_Seguimento_12-13_xGrao_Filosofiax.pdf)

Igualmente, o Informe de Seguimento do Máster en Filosofía: Cuestións Actuais do curso 2013-2014 está dispoñible na ligazón:

[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Informe\\_Seguimento\\_13-14\\_xMaster\\_Filosofiax.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Informe_Seguimento_13-14_xMaster_Filosofiax.pdf)

Todos estes documentos están tamén á disposición das persoas interesadas na Secretaría do Centro.

Non se fan constar aquí informes de seguimento do Máster Interuniversitario en Lóxica e Filosofía da Ciencia posto que leva a súa coordinación a Universidade de Salamanca, sendo a avaliación da súa calidade levada adiante pola ACSUCYL.

## Plano de mellora da Facultade de Filosofía

---

No curso 2013-2014, leváronse a cabo as seguintes accións de mellora na Facultade:

- Realización dunha xuntanza no inicio do curso da equipa decanal co alunado do grao da facultade (tanto representantes como do resto do alunado). Esta tivo como obxecto detectar as necesidades e recoller as suxestións de mellora do alunado, así como lograr un maior coñecemento das posicións do estudiantado con respecto á docencia e a outras cuestións relacionadas con esta.
- Estudo de correspondencias entre o nivel de partida dos/das alumnos/as verbo das esixencias formuladas en cada programa. Isto atende a unha demanda expresada por parte do alunado que busca que ditas esixencias poidan axeitarse ao avance progresivo na adquisición de coñecementos e outras competencias. Decidiuse tomar nota con maior detalle nas distintas reunións de coordinación de curso das impresións por parte de alunado e profesorado a este respecto. Na Xunta de Facultade do 28 de abril de 2015 acordouse que será prescritiva a toma de actas en ditas reunións onde se fagan constar tais impresións.
- Promoción de contactos con sectores e persoas, de dentro e fóra da universidade, cuxa opinión poida ser relevante cara á comprensión e reorientación dos estudos de filosofía. Esta acción concreouse no establecemento de contactos con participantes na Rede Española de Filosofía e na Conferencia de Decanos.
- Incorporación do estudiantado ás reunións de coordinación dos cursos do grao, ás que anteriormente só acudía o profesorado, para que poidan expresar á súa opinión acerca da marcha dos cursos, a compatibilización do cursado das diferentes materias e todos os problemas detectados e as demandas que existan acerca disto.
- Realizouse un contacto co Colexio Médico de A Coruña con vistas a unha colaboración no Instituto de Bioética, que levou a que haxa unha maior comunicación entre dito instituto e a nosa facultade. De feito, como resultado de dito encontro docentes da Facultade de Filosofía irán impartir docencia no Máster de Bioética organizado por este.

- Organizouse e realizouse, como nos dous anos anteriores, un curso sobre “competencias informacionais”, que foi coordinado pola Facultade e a Biblioteca da USC. Este foi destinado aos/ás estudantes de 1º curso do Grao en Filosofía. O motivo para a realización deste curso foi a necesidade de que o alumnado do noso grao teña unhas boas competencias no recabamento e xestión da información
- Levouse adiante unha avaliación do sistema de titorías personalizadas, que se viña levando a cabo ao longo dos últimos anos, para coñecer a súa efectividade real. Tal avaliación constatou que estas tiñan un uso francamente reducido. Por este motivo, considerouse que non será preciso continuar a promover este tipo de titorías.
- Realizouse unha revisión a fondo da normativa para a realización do TFG, aprobándose unha nova normativa ao respecto. Esta foi difundida entre o estudiantado de 4º curso de grao.
- Levouse adiante o reacondicionamento dos seguintes locais do centro:
  - Relocalización do local de estudantes nun local mais amplo e axeitado, onde antes se acomodaba aos profesores visitantes.
  - Habilitación dun espazo de usos múltiples no antigo local da fotocopidora.
  - Acondicionamento de espazos para profesores visitantes perto do resto do persoal docente e investigador.
  - Habilitación dun espazo de almacenaxe e arquivo no anterior local de estudantes.

Á súa vez, as accións de mellora para o curso 2014-2015 recóllense no anexo 2 desta memoria.

## Anexo 1. Indicadores do SGIC

---

Os indicadores do SGIC para o Grao en Filosofía son os que se detallan abaixo.

Sobre os resultados que ofrecen ditos indicadores para o noso centro consideramos que cabe facer as seguintes anotacións:

- A matrícula de novo ingreso e a matrícula de inicio de estudos é moi difícil de examinar e atribuír a factores nítidos. Ven sendo volátil, variando moito de ano en ano. Estudar as razóns das súas fluctuacións requiriría recursos dos que non dispomos. Porén, hai que ter en conta que non se fai un investimento para publicitar os estudos en filosofía e animar a que o estudantado do ensino medio opte por estes. Un investimento neste sentido, cando poida ter lugar, permitiríanos investigar que posibilidades reais de ter éxito ten unha intervención deste tipo.
- Por outra banda, hai que recoñecer que temos unha taxa de graduación baixa, de 19,51. Unha das razóns é que a filosofía é unha carreira vocacional que desperta interese intelectual, o cal fomenta a matrícula de novo ingreso, mais cando logo o estudantado comproba que alén do interese intelectual é unha disciplina que require traballo hai unha parte do estudantado que se bota para atrás, ao non ter a disposición de asumir tal traballo por motivos puramente vocacionais. Isto parece facer mais difícil unha intervención nesta liña, mais alá, claro está, da mellora na docencia e na planificación desta.
- Por outra banda, este problema vese tamén na taxa de abandono durante o 1º curso, que chega a un/há de cada 3 estudantes. E tamén pode ser un factor que reduza o grao de satisfacción xeral do alunado egresado coa titulación, que está actualmente nun 3, non sendo polo tanto un resultado que poidamos considerar satisfactorio. Pensamos que isto tamén reduce a taxas de rendemento e éxito, e sobre todo a de avaliación. Así e todo, a duración media dos estudos non é alta (está nos 4,36 anos). Isto leva a matizar a avaliación negativa que podemos facer de non ter taxas de rendemento, éxito e

avaliación mais altas. Tal vez análises mais finas de ditas taxas entre o estudiantado que chega a cursar mais dun curso ou dous cursos sexa mais realista acerca da calidade da docencia.

- Salientamos alén disto outro punto que vemos con preocupación, que é que a porcentaxe de estudantes enviadas/os á USC a programas de mobilidade. Esta é moi reducida, tense notado un descenso claro que atribuímos ao descenso nas bolsas e ao impacto da crise, co que o estudiantado ten menos recursos para irse. Estes son factores que fican alén da nosa capacidade de acción, mais para contrarrestalos faremos mais difusión das distintas opcións para a mobilidade. Xunto ao uso dos taboleiros e pantallas, para a súa difusión o responsable de mobilidade do centro programará charlas para distintos cursos explicando estas opcións ao estudiantado.
- Por último, tamén destacamos que a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total, que actualmente é do 80% e vai en descenso claro dado que as prazas de persoal funcionario van desaparecendo, pois as xubilacións non implican a convocatoria de novas prazas de profesorado titular. Isto implica tamén que a porcentaxe de Persoal Docente con sexenios sobre PDI total é só do 60%, debido a que hai profesorado interino no noso centro que ten impartido moitos cursos (en algúns casos estamos a falar de perto dunha década impartido aulas no centro), entre os que algúns xa terían tido sexenios de seren persoal funcionario. Entre o profesorado interino estase a levar adiante investigación e produción científica que está por riba do nivel requerido para a obtención de sexenios. Consideramos, por este motivo, que o indicador da porcentaxe de Persoal Docente con sexenios sobre PDI non é representativo do nivel do profesorado desta facultade.

<b>Código</b>	<b>Nome</b>	<b>Valor-Última explotación</b>
IN01G-PC-05	Prazas ofertadas	65 - 10/10/2014 -...
IN02G-PC-05	Matrícula	179 - 10/10/2014 -...
IN03G-PC-05	Matrícula de novo ingreso	43 - 10/10/2014 -...
IN04G-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	39 - 10/10/2014 -...

<b>Código</b>	<b>Nome</b>	<b>Valor-Última explotación</b>
IN06G-PC-05	Nota media de acceso por preinscrición	7,24 - 10/10/2014 -...
IN07G-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con nota superior ou igual a 6	71,79 - 10/10/2014 -...
IN08G-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiras/os sobre matriculadas/os.	1,68 - 10/10/2014 -...
IN17G-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviadas/os á USC a programas de mobilidade	3,91 - 10/10/2014 -...
IN18G-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade	6,15 - 10/10/2014 -...
IN22G-PC-09	Porcentaxe de estudantes egresados/as que realizou prácticas nunha empresa ou institución	0 - 10/10/2014 -...
IN34G-S01-PM-01	Taxa de rendemento	68,16 - 10/10/2014 -...
IN09G-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra da Galiza sobre matriculadas/os	1,68 - 10/10/2014 -...
IN35G-S01-PM-01	Taxa de éxito	85,62 - 10/10/2014 -...
IN36G-S01-PM-01	Taxa de avaliación	79,61 - 10/10/2014 -...
IN05G-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	-32,76 - 10/10/2014...
IN10G-PC-05	Relación de estudantes preinscritas/os en 1ª opción	52,31 - 10/10/2014 -...

<b>Código</b>	<b>Nome</b>	<b>Valor-Última explotación</b>
	matriculadas/os por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	
IN12G-PC-05	Porcentaxe de matriculadas/os de 1º curso sobre total de prazas ofertadas	60 - 10/10/2014 -...
IN38G-S01-PM-01	Duración media dos estudos	4,36 - 10/10/2014 -...
IN39G-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	93,02 - 10/10/2014 -...
IN37G-S01-PM-01	Taxa de graduación	19,51 - 10/10/2014 -...
IN24G-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente con sexenios sobre PDI total	60 - 10/10/2014 -...
IN25G-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	90 - 10/10/2014 -...
IN26G-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	80 - 10/10/2014 -...
IN31G-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	37,11 - 10/10/2014 -...
IN32G-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	26,63 - 10/10/2014 -...
IN19G-PC-09	Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas	0 - 10/10/2014 -...
IN21G-PC-09	Satisfacción dos titores cos programas de prácticas externas	0 - 10/10/2014 -...
IN46G-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia impartida	3,64 - 10/10/2014 -...

<b>Código</b>	<b>Nome</b>	<b>Valor-Última explotación</b>
IN47G-S01-PM-01	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	4,09 - 10/10/2014 -...
IN48G-PM-02	Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alunado	28,57 - 10/10/2014 -...
IN33G-PS-03	Grao de satisfacción do alunado egresado cos servizos	2,94 - 10/10/2014 -...
IN42G-S01-PM-01	Grao de satisfacción xeral do alunado egresado coa titulación	3 - 10/10/2014 -...
IXA-G04	Porcentaxe de actas fóra de prazo	5,68 - 10/10/2014 -...
IN40G-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o 1º curso	33,33 - 10/10/2014 -...
IN30G-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	8,95 - 10/10/2014 -...
IN15G-PC-08	Satisfacción dos estudantes cos programas de mobilidade	0 - 10/10/2014 -...
IN20G-PC-09	Satisfacción das titoras externas/os cos programas de prácticas externas	0 - 10/10/2014 -...
IN23G-PC-12	Satisfacción das/os egresadas/os coa información pública dispoñible	3,2 - 10/10/2014 -...
IN41G-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393	41,46 - 10/10/2014 -...



## Anexo 2. Plano de mellora das titulacións da Facultade de Filosofía

---

Inclúese neste anexo o plano de melloras da Facultade para o curso 2014/2015.

Van incluídas conforme ao formato que se presenta é o que proporciona a Aplicación de Apoio aos Sistemas de Xestión da USC, que é tamén o empregado nos informes de seguimento entregados correspondentes ao máster e que a partir do ano próximo serán tamén de aplicación nos informes de seguimento do grao.

No presente anexo inclúense propostas relativas a melloras no centro, no Grao en Filosofía e no do Máster en Filosofía: Cuestións Actuais. É preciso ter en conta que no presente anexo non se inclúen propostas de mellora relativas especificamente a titulación de Máster Interuniversitario en Lóxica e Filosofía da Ciencia, debido a que, en liña co xa indicado antes, as mesmas se formulan a través da universidade que coordina o máster, a de Salamanca.

### Accións de mellora:

CRITERIO:	
Denominación da proposta	Avanzar cara a xeralización e normalización dos programas das materias en inglés no grao
Punto débil detectado	Limitación da oferta de información en lingua inglesa
Ámbito de aplicación	Planificación das ensinanzas
Responsable da súa aplicación	Profesorado da Facultade
Obxectivos específicos	Aumentar a información do grao en inglés, aumentar a matrícula de estudantes estranxeiros/as
Actuacións a desenvolver	Insistencia na Xunta de Facultade neste aspecto.
Período de execución	Curso 2014/2015
Recursos/financiamento	—
Responsable do seguimento	Coordinador do Grao
Indicadores de execución	—

CRITERIO:	
Denominación da proposta	Apertura dunha vía de colaboración con profesorado do ensino medio de cara a promover o estudo da Filosofía e
Punto débil detectado	Posible redución do interese na filosofía e do estudo do Grao en Filosofía por mor da implantación da LOMCE.
Ámbito de aplicación	Promoción dos estudos no centro
Responsable da súa aplicación	Decano
Obxectivos específicos	Frear o desinterese polos estudos en Filosofía promovidos pola LOMCE
Actuacións a desenvolver	Xuntanza co profesorado de Filosofía do ensino medio e con responsables do goberno galego.
Período de execución	Curso 2014/2015
Recursos/financiamento	—
Responsable do seguimento	Decano
Indicadores de execución	—

CRITERIO:	
Denominación da proposta	Difusión do interese na Filosofía entre o estudiantado de ensino medio mediante a realización da Olimpíada filosófica
Punto débil detectado	Posible redución do interese na filosofía e do estudo do Grao en Filosofía por mor da implantación da LOMCE.
Ámbito de aplicación	Promoción dos estudos no centro
Responsable da súa aplicación	Decano
Obxectivos específicos	Frear o desinterese polos estudos en Filosofía promovidos pola LOMCE
Actuacións a desenvolver	Realización na Facultade de Filosofía de actividades dentro da Olimpíada de Filosofía.
Período de execución	Curso 2014/2015
Recursos/financiamento	—
Responsable do seguimento	Decano
Indicadores de execución	—

<b>CRITERIO:</b>	
<b>Denominación da proposta</b>	Actualizar no sitio web da facultade
<b>Punto débil detectado</b>	Carencia dunha web plenamente actualizada
<b>Ámbito de aplicación</b>	Promoción dos estudos no centro
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Equipa Decanal
<b>Obxectivos específicos</b>	Mellora da información presentada na web
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Traballo interno con PAS do centro e a Equipa Decanal para o desenvolvemento de mellores contidos
<b>Período de execución</b>	Curso 2014/2015
<b>Recursos/financiamento</b>	—
<b>Responsable do seguimento</b>	Vicedecano
<b>Indicadores de execución</b>	—

<b>CRITERIO:</b>	
<b>Denominación da proposta</b>	Revisión do regulamento dos TFGs
<b>Punto débil detectado</b>	A instauración dos TFGs é aínda recente
<b>Ámbito de aplicación</b>	Planificación docente
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Comisión de Grao
<b>Obxectivos específicos</b>	Optimizar o rendemento estudiantil nos TFG
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Examinar os resultados académicos obtidos nos TFGs e as opinións por parte de profesorado e alumnado, tendo en conta as competencias vinculadas aos TFGs. Consideraranse os resultados académicos mais tamén as dimensións da avaliación dos TFGs relativas ás competencias que teñen condicionado estes.
<b>Período de execución</b>	Curso 2014/2015
<b>Recursos/financiamento</b>	—
<b>Responsable do seguimento</b>	Coordinador de Grao
<b>Indicadores de execución</b>	—

CRITERIO:	
Denominación da proposta	Continuar fomentando a incorporación de docentes ao uso de plataformas de ensinanza virtual.
Punto débil detectado	Ainda hai docentes que non usan o entorno virtual de traballo.
Ámbito de aplicación	Planificación das ensinanzas
Responsable da súa aplicación	Profesorado da Facultade
Obxectivos específicos	Aumentar o número de materias impartidas con apoio na aula virtual da USC
Actuacións a desenvolver	Insistencia na Xunta de Facultade neste aspecto
Período de execución	Curso 2014/2015
Recursos/financiamento	—
Responsable do seguimento	Coordinador do Grao
Indicadores de execución	—

CRITERIO:	
Denominación da proposta	Unión nunha soa persoa do traballo de xestión administrativa dos departamentos con sede na facultade
Punto débil detectado	Novas necesidades de traballo de xestión e administrativo
Ámbito de aplicación	Administración
Responsable da súa aplicación	Decano
Obxectivos específicos	Maximizar o rendemento do PAS do centro
Actuacións a desenvolver	Reacondicionamento do espazo para o traballo de xestión e administrativo do centro.
Período de execución	Curso 2014/2015
Recursos/financiamento	—
Responsable do seguimento	Decano
Indicadores de execución	—

<b>CRITERIO:</b>	
<b>Denominación da proposta</b>	Traspaso da impartición do 2º curso de grao á aula 2
<b>Punto débil detectado</b>	A aula 2 reúne mellores condicións de luz que a 1, onde actualmente se imparte o 2º curso de grao
<b>Ámbito de aplicación</b>	Xestión dos espazos do centro
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Decano
<b>Obxectivos específicos</b>	Mellorar as condicións para a impartición de docencia e aforrar enerxía
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Cambio no POD da aula 1 á 2 para o 2º curso de grao
<b>Período de execución</b>	Curso 2014/2015
<b>Recursos/financiamento</b>	—
<b>Responsable do seguimento</b>	Decano
<b>Indicadores de execución</b>	—

<b>CRITERIO:</b>	
<b>Denominación da proposta</b>	Deseño dun procedemento que permita o trámite eficiente das suxestións e queixas por parte do estudantado, en particular no que atinxe ás reclamacións relativas á docencia
<b>Punto débil detectado</b>	Dificultades actuais para que as queixas e suxerencias do estudantado teñan un recoñecemento oficial
<b>Ámbito de aplicación</b>	Sistema de garantía da calidade
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Decano
<b>Obxectivos específicos</b>	Solventar en xeral problemas non detectados
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Desenvolver reunións co alunado do centro, habilitar un buzón de suxestións
<b>Período de execución</b>	Curso 2014/2015
<b>Recursos/financiamento</b>	—
<b>Responsable do seguimento</b>	Decano
<b>Indicadores de execución</b>	—

CRITERIO:	
Denominación da proposta	Realización de xestión para a instauración do Día da Filosofía seguindo a convocatoria da UNESCO, que se celebra cada terceiro xoves de novembro, e a realización de actividades no noso centro con este motivo
Punto débil detectado	Posible redución do interese na filosofía e do estudo do Grao en Filosofía por mor da implantación da LOMCE / dunha data de referencia dos estudos da Filosofía na comunidade galega
Ámbito de aplicación	Promoción dos estudos no centro
Responsable da súa aplicación	Decano
Obxectivos específicos	Frear o desinterese polos estudos en Filosofía promovidos pola LOMCE
Actuacións a desenvolver	Organización de actividades no Día da Filosofía para o curso 2015-2016
Período de execución	Curso 2014/2015
Recursos/financiamento	—
Responsable do seguimento	Decano
Indicadores de execución	—

CRITERIO:	
Denominación da proposta	Reactivación e renovación do Máster en Filosofía: Cuestións Actuais
Punto débil detectado	Carencia dun título de máster capaz de de dar rigoroso cumprimento ao ciclo establecido no EEES
Ámbito de aplicación	Descrición do título
Responsable da súa aplicación	Coordinador do máster
Obxectivos específicos	Aumentar a matrícula de novo ingreso e contribuir a soster, activar e reformar a titulación de grao.
Actuacións a desenvolver	Captación de alumnado estranxeiro (promoción en América Latina) / Ofertar o máster cada dous anos para non saturar a demanda de prazas
Período de execución	Curso 2014/2015
Recursos/financiamento	—
Responsable do seguimento	Coordinador do máster

<b>Indicadores de execución</b>	—
<b>CRITERIO:</b>	
<b>Denominación da proposta</b>	Política de transparencia a través da páxina web
<b>Punto débil detectado</b>	Carencia de información e necesidade de incrementar a transparencia
<b>Ámbito de aplicación</b>	Xustificación e/ou Sistema de garantía da calidade
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Decano
<b>Obxectivos específicos</b>	Aumentar a matrícula de novo ingreso e mellorar a transparencia
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Intervención específica na páxina web da facultade.
<b>Período de execución</b>	Curso 2014/2015
<b>Recursos/financiamento</b>	—
<b>Responsable do seguimento</b>	Coordinador do máster
<b>Indicadores de execución</b>	—

<b>CRITERIO:</b>	
<b>Denominación da proposta</b>	Promoción selectiva do Máster en Filosofía: Cuestións Actuais. Estratexia de comunicación con ámbitos particularmente interesantes para a captación de alumnado
<b>Punto débil detectado</b>	Carencia de información e necesidade de incrementar a transparencia
<b>Ámbito de aplicación</b>	Acceso e admisión de estudantes
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Coordinador do máster
<b>Obxectivos específicos</b>	Aumentar a matrícula de novo ingreso e mellorar a diversificación
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Deseño e implementación de estratexias selectivas de comunicación e propaganda.
<b>Período de execución</b>	Curso 2014/2015
<b>Recursos/financiamento</b>	—
<b>Responsable do seguimento</b>	Coordinador do máster

<b>Indicadores de execución</b>	—
---------------------------------	---

<b>CRITERIO:</b>	
<b>Denominación da proposta</b>	A comisión do do Máster en Filosofía: Cuestións Actuais abrirá unha liña de estudo destinada a recoller a documentación que permita dinamizar o máster
<b>Punto débil detectado</b>	Necesidade de información precisa e articulada en canto a liñas de actualización e renovación
<b>Ámbito de aplicación</b>	Xustificación
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Coordinador do máster
<b>Obxectivos específicos</b>	Promover unha dinámica de renovación constante.
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Xerar un “informe” aberto no que se vaian recollendo toda clase de documentos e informacións.
<b>Período de execución</b>	Curso 2014/2015
<b>Recursos/financiamento</b>	—
<b>Responsable do seguimento</b>	Coordinador do máster
<b>Indicadores de execución</b>	—

<b>CRITERIO:</b>	
<b>Denominación da proposta</b>	Seguimento activo do curso por parte da Comisión do Máster en Filosofía: Cuestións Actuais e especialmente do coordinador
<b>Punto débil detectado</b>	Lentitude nos mecanismos normais de coordinación
<b>Ámbito de aplicación</b>	Competencia/Obxectivos
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Coordinador do máster
<b>Obxectivos específicos</b>	Mellorar a coordinación
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Activación dunha “aula virtual” de coordinación do máster.
<b>Período de execución</b>	Curso 2015/2016



<b>Recursos/financiamento</b>	—
<b>Responsable do seguimento</b>	Coordinador do máster
<b>Indicadores de execución</b>	—
<b>CRITERIO:</b>	
<b>Denominación da proposta</b>	Presentación inicial de todas as materias do Máster en Filosofía: Cuestións Actuais
<b>Punto débil detectado</b>	Retraso na elección do tema e titor/a do TFM
<b>Ámbito de aplicación</b>	Acceso e admisión de estudantes
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Coordinador do máster
<b>Obxectivos específicos</b>	Aumentar a matrícula de novo ingreso e mellorar a transparencia
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Intervención específica na páxina web da facultade.
<b>Período de execución</b>	Curso 2015/2016
<b>Recursos/financiamento</b>	—
<b>Responsable do seguimento</b>	Coordinador do máster
<b>Indicadores de execución</b>	—

<b>CRITERIO:</b>	
<b>Denominación da proposta</b>	Revisión metodolóxica do Máster en Filosofía: Cuestións Actuais
<b>Punto débil detectado</b>	Actualización e mellora das técnicas de ensinanza.
<b>Ámbito de aplicación</b>	Planificación das ensinanzas
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Coordinador do máster
<b>Obxectivos específicos</b>	Mellora do rendimento e a coordinación, facilitando a participación activa do alumnado
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Promoción e cursos de aulas virtuais” e “guías docentes”
<b>Período de execución</b>	Curso 2014/2015 -2º semestre- e curso 2015/2016 -1º semestre-
<b>Recursos/financiamento</b>	—
<b>Responsable do seguimento</b>	Coordinador do máster

<b>Indicadores de execución</b>	—
---------------------------------	---

<b>CRITERIO:</b>	
<b>Denominación da proposta</b>	Regulación dos Traballos de Fin de Máster (TFM)
<b>Punto débil detectado</b>	Retraso na elección e na execución dos TFM
<b>Ámbito de aplicación</b>	Planificación das ensinanzas
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Coordinador do máster
<b>Obxectivos específicos</b>	Potenciar o papel do TFM de maneira proporcionada ao seu peso específico dentro do máster
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Preparación dun Regulamento de TFM en consonancia coa normativa da USC Me parece que isto es complicarse la vida. Basta con hacer una buena guía docente y apoyarse en el reglamento de la universidad
<b>Período de execución</b>	Curso 2014/2015 -2º semestre
<b>Recursos/financiamento</b>	—
<b>Responsable do seguimento</b>	Coordinador do máster
<b>Indicadores de execución</b>	
—	

<b>CRITERIO:</b>	
<b>Denominación da proposta</b>	Balance xeral do máster no que se incorporen as avaliacións e suxestións do alumnado
<b>Punto débil detectado</b>	Unha información ampla sobre as percepcións do alumnado.
<b>Ámbito de aplicación</b>	Resultados previstos
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Coordinador do máster
<b>Obxectivos específicos</b>	Mellorar a planificación
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Fixación dun acordo en diálogo coa Xestora do centro

<b>Período de execución</b>	Curso 2015/2016 -2º semestre
<b>Recursos/financiamento</b>	—
<b>Responsable do seguimento</b>	Coordinador do máster
<b>Indicadores de execución</b>	—